



# PREPARACIÓN PARA A ESCRITURA O AGARRE DO LAPIS

“Aproximadamente un 50 % das crianzas de tres anos de idade teñen a habilidade motora fina para soste unha cera ou lapis pequeno” (Schneck & Henderson, 1990).

Un agarre inadecuado pode dificultar a escritura, producir cansanzo e fatiga durante as tarefas, ou incluso xerar dor.

Así, a partir dos 3-4 anos podemos ensinar o agarre do lapis, ou ben cando a crianza comeze a facer uso do mesmo, xa que canto maior sexa, máis difícil será cambiar o agarre.

O agarre depende das habilidades manuais, pero tamén do control postural, por iso, coas crianzas en idade infantil potenciaremos primeiro estas habilidades. Podemos facilitar un correcto agarre empregando lapis, xiz e ceras de menor tamaño. Empregar o plano vertical para pintar e realizar trazos favorece unha posición do pulso máis axeitada.

